



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	A avaliación psicolóxica das alteracións do linguaxe e a comunicación		Código	652498007
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Duran Bouza, Montserrat		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que os estudantes coñezan cales son as técnicas de avaliación psicolóxica que se empregan nalgúns trastornos que implican dificultades na linguaxe e a comunicación, así como os procesos de avaliación que se segue en cada un deles.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Os estudantes saberán aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados na avaliación da linguaxe oral..
A2	Os estudantes poderán levar a cabo a avaliación de trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc.
A3	Os alumnos/as saberán realizar a avaliación das dificultades de lectura e de trastornos específicos da linguaxe escrita.
A6	Saberán realizar unha intervención nas dificultades de lectura e dos trastornos específicos da linguaxe escrita.
B2	Serán capaces de comportarse con ética e responsabilidade social como cidadáns e como profesionais.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C2	Os alumnos/as entenderán a importancia da cultura emprendedora e coñecerán os medios ó alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
---	----------------------------



XERAIS DA MATERIA	AP1 AP2 AP3 AP6	BP2 BP4	CP2
Poden explicar por escrito cales son os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico. Son capaces de aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados nas alteracións específicas da linguaxe e a comunicación. Poden realizar unha avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención; os trastornos do espectro autista, os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe. Son capaces de redactar un informe de avaliación. Foron capaces de realizar unha avaliación tras a intervención. Poden reflexionar por escrito acerca dos problemas e avances no ámbito da avaliación da linguaxe e a comunicación. Adquirir un coñecemento práctico da avaliación na área da linguaxe e a comunicación. Coñecer a actuación profesional e os ámbitos onde se desenvolve a práctica. Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións. Realizar a selección, avaliación e aplicación de recursos das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na prevención e intervención sobre as dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.			

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: O PROCESO DE AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS EMPREGADOS NAS ALTERACIÓNS DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN	Obxectivos xerais da avaliación da linguaxe. Aspectos básicos a ter en conta na avaliación da linguaxe. Principais métodos de avaliación da linguaxe: entrevista, observación, cuestionarios, probas estandarizadas, análise de mostras da linguaxe O informe de avaliación.
TEMA 2: AVALIACIÓN DA TARTAMUDEZ	Métodos de avaliación. Avaliación diagnóstica. Avaliación funcional.
TEMA 3. AVALIACIÓN DO MUTISMO SELECTIVO E INHIBICIÓNS DA LINGUAXE	Selección das estratexias de avaliación. O proceso xeral de avaliación. Estratexias e instrumentos para a avaliación
TEMA 4: AVALIACIÓN DO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE (TDAH)	Evaluación xeral: intelixencia, linguaxe e aprendizaxe. Avaliación específica: hiperactividade/impulsividade e atención. Avaliación funcións executivas no TDAH
TEMA 5: AVALIACIÓN DO TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE (T.E.L)	Obxectivos da avaliación do TEL. Importancia da detección temperá. Técnicas empregadas: mostras de fala, informes e inventarios, probas estandarizadas. O proceso de avaliación da linguaxe no TEL

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	12	0	12
Lecturas	12	24	36
Portafolios do alumno	1	17	18
Obradoiro	18	54	72
Traballos tutelados	1	2	3
Proba obxectiva	1	5	6
Atención personalizada	3	0	3



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondientes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuatrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuatrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuatrimestre
Proba obxectiva	A través dunha proba obxectiva valorarase a asimilación de contidos, tanto de coñecemento teórico como práctico

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral		10
Lecturas		10
Portafolios do alumno		40
Obradoiro		20
Proba obxectiva		20

Observacións avaliación



<p>A avaliación será continua e

incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar).

Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías:10%

<p>

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías